

Exemplo práctico

Vexamos outro exemplo que, tal vez, cho aclare un pouco máis:

```
<?php
@session_start();
$_SESSION['contador']=0;

echo '<a href="'.$_SERVER['PHP_SELF'].'?'.$_SID.'">Contador vale: ' .++$_SESSION['contador'].'</a>' ;
?>
```

Basicamente unha variable de sesión é unha variable, como calquera das que xestiona PHP, pero que reside nun espazo específico no servidor, xunto co identificador de sesión, e que pertence únicamente a un usuario.

No noso exemplo anterior, rexistramos a variable \$contador na primeira liña do script. Na segunda liña, entre outras cousas, cada vez que recarguemos a páxina ou fagamos click sobre o enlace, o valor de \$contador incrementarase en 1.

Nesta liña facemos uso da variable reservada \$_SERVER['PHP_SELF'], que fai referencia ao propio script en execución, e tamén dunha constante propia de PHP, session_id(), que contén o nome da sesión e o identificador da mesma.

Podemos coñecer tamén o nome da sesión, ou modificalo, mediante a función session_name().

Vexamos unha proba práctica:

```
<?php
@session_start();
echo '<a href="'.$_SERVER['PHP_SELF'].'?'.session_id().'">Contador vale: ' .++$_SESSION['contador'].'</a ><'br ;

echo 'Agora o nome é '.session_name().' e a sesión id'.session_id().'<br>';
?>
```

--Veiga (discusión) 00:18 29 ene 2013 (CET)